

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 1602** *Real decreto 75/2009, do 30 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 1698/2003, do 12 de decembro, polo que se establecen as disposicións de aplicación dos regulamentos comunitarios sobre o sistema de etiquetaxe da carne de vacún, e o Real decreto 1799/2008, do 3 de novembro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas destinadas á reconversión de plantacións de determinados cítricos.*

O sistema actual de etiquetaxe da carne de vacún no ámbito comunitario encóntrase definido polo Regulamento (CE) n.º 1760/2000 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xullo de 2000, que establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina e relativo á etiquetaxe da carne de vacún e dos produtos a base de carne de vacún e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 820/97, e polo Regulamento (CE) n.º 1825/2000 da Comisión, do 25 de agosto de 2000, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1760/2000, do Parlamento Europeo e do Consello, no que respecta á etiquetaxe da carne de vacún e dos produtos a base de carne de vacún.

Con base na experiencia adquirida na aplicación deste sistema no ano 2004 abriuse un debate no ámbito comunitario para avaliar a posibilidade de simplificar as ditas normas, sempre que a rastrexabilidade das ditas carnes se garantise en igual maneira. Froito daquel debate foi a publicación do Regulamento (CE) n.º 275/2007 da Comisión, do 15 de marzo de 2007, que modifica o Regulamento (CE) n.º 1825/2000 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1760/2000, do Parlamento Europeo e do Consello, no que respecta á etiquetaxe da carne de vacún e dos produtos a base de carne de vacún.

O Regulamento (CE) n.º 275/2007 da Comisión, do 15 de marzo de 2007, introduce unha simplificación do sistema de etiquetaxe da carne de vacún no ámbito comunitario no relativo a algúns aspectos como a etiquetaxe dos recortes de carne, adoptando medidas similares ás da carne picada, ou permitindo facilitar vía oral certa información relativa ás carnes despezadas non preenvasadas nos puntos de venda. Por outro lado, flexibiliza o sistema de formación de grupos, sen menoscabo da rastrexabilidade, admitindo a formación de lotes de carnes despezadas a partir de tres matadoiros e tres salas de despezamento, mentres que para os recortes de carne e para a carne picada unicamente se deberá respectar a unicidade de país de sacrificio.

Por outro lado, a raíz dunha consulta realizada aos consumidores europeos sobre as denominacións de venda da carne procedente de animais para o sacrificio menores de doce meses de idade, e co obxecto de evitar a competencia desleal no mercado interior coas denominacións de venda particulares de cada país baseadas nos sistemas de alimentación, establecéronse novas normas de comercialización destas carnes mediante o Regulamento 361/2008 do Consello, do 14 de abril de 2008, que modifica o Regulamento 1234/2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas. Este regulamento inclúe no seu articulado o regulado polo Regulamento 700/2007 do Consello, do 11 de xuño de 2007, sobre a comercialización da carne procedente de bovinos de idade igual ou inferior a doce meses, de forma que organiza a comercialización destas carnes e mellora a información ao consumidor fixando as denominacións de venda para estas carnes en todos os Estados membros en función da idade dos animais para o sacrificio, así como garantindo a veracidade das ditas mencións desde o sacrificio ata o consumidor mediante a implantación dun sistema de rexistro de rastrexabilidade e o seu control en todas as fases da cadea alimentaria. Estes requisitos, e en concreto as denominacións de venda referidas a carne de vacún con idade de ata doce meses, foron incorporados con

carácter urgente como disposición adicional de modificación do anexo I do Real decreto 1698/2003, do 12 de decembro, no Real decreto 1178/2008, do 11 de xullo, polo que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas ás explotacións gandeiras, ás industrias agroalimentarias e aos establecementos de xestión de subprodutos para a mellora da capacidade técnica de xestión de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano. Non obstante, para un aliñamento exacto co texto comunitario e, consecuentemente, para a súa aplicación ás denominacións da carne de vacún, procede levar a cabo unha nova modificación del e a súa inclusión neste real decreto.

Por motivos de seguranza xurídica, en particular, en aplicación do disposto no artigo 6.5 do Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, polo que se establece que cando un produto alimenticio está regulado por disposicións específicas se deberán utilizar as designacións de calidade tipificadas, quedando prohibidos os adxectivos cualificativos diferentes aos establecidos nas disposicións específicas, e sen prexuízo da directa aplicabilidade das normas comunitarias mencionadas, cómpre modificar o Real decreto 1698/2003, do 12 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación dos regulamentos comunitarios sobre o sistema de etiquetaxe da carne de vacún, co obxecto de adaptalo ás singularidades do noso Estado nesta norma básica.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos intereses dos sectores afectados, e a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu informe favorable.

Por outra parte, de acordo coa petición formulada por varias comunidades autónomas, modifícanse os artigos 5.1 e 9.1 do Real decreto 1799/2008, do 3 de novembro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas destinadas á reconversión de plantacións de determinados cítricos, co fin de ampliar os prazos que nos ditos artigos se establecen para a presentación das solicitudes de axuda e comunicación polas comunidades autónomas ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño das solicitudes aceptadas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e do ministro de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de xaneiro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 1698/2003, do 12 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación dos regulamentos comunitarios sobre o sistema de etiquetaxe da carne de vacún.*

O Real decreto 1698/2003, do 12 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación dos regulamentos comunitarios sobre o sistema de etiquetaxe da carne de vacún, queda modificado como segue:

Un. Substitúese a letra b) do artigo 3 polo seguinte contido:

«b) No caso da carne picada e dos recortes de carne, engadirase ás mencións “Carne picada de” ou, se é o caso, “Recortes de carne de”, aquelas que sexan de aplicación de acordo co establecido na letra a). Non obstante, para a carne picada poderase usar o termo xeral de “Carne picada de vacún”.»

Dous. Substitúese o artigo 4 polo seguinte:

«Artigo 4. Etiquetaxe obrigatoria.

1. O sistema de etiquetaxe obrigatoria garantirá a relación entre a identificación de canais, cuartos ou anacos de carne e cada animal ou, cando iso sexa suficiente, co grupo de animais correspondente, de acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (CE) n.º 1760/2000 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xullo de 2000, que establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da

especie bovina e relativo á etiquetaxe da carne de vacún e dos produtos a base de carne de vacún e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 820/97, do Consello.

2. Para os efectos do número anterior, poderanse formar grupos a partir de canais, medias canais, medias canais despezadas nun máximo de tres pezas ou cuartos de canal, sempre que sexan obtidas de animais procedentes dun mesmo país de nacemento, dun ou de varios países de engorda, dun mesmo país de sacrificio e sacrificados nun mesmo matadoiro.

O grupo terá un tamaño de maneira que constitúa un só lote para a sala de despezamento, e non poderá exceder a produción dun día. Non obstante o anterior, no caso da carne despezada sen preenvasar exposta para a venda ao consumidor final, o tamaño do grupo poderá ser superior á produción dun día.

Durante o despezamento posterior da carne, poderanse formar lotes a partir de carnes procedentes de animais sacrificados en tres matadoiros diferentes, como máximo, e de canais despezadas en tres salas de despezamento diferentes, como máximo.

Non obstante, para a formación de lotes de recortes de carne e de carne picada só será necesario respectar que a carne proceda de animais sacrificados nun mesmo país.

3. Na etiquetaxe da carne de vacún, excepto a carne de vacún picada e os recortes de carne, indícaranse as mencións obrigatorias que se establecen no anexo II.

4. No caso da carne despezada sen preenvasar exposta para a venda ao consumidor final, cando os países de nacemento, de engorda e de sacrificio sexan distintos, as carnes dos animais expóranse claramente separadas segundo a súa orixe, conforme o establecido no artigo 13 do Regulamento (CE) n.º 1760/2000 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xullo de 2000. Neste caso, o axente económico, ademais, deberá dispoñer da información dos números de autorización sanitaria do matadoiro e sala de despezamento ou, se é o caso, dos matadoiros e salas de despezamento, para llela comunicar aos consumidores finais que a soliciten, sen prexuízo do disposto nos artigos 15 e 16 do Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos alimentos.

Non obstante o anterior, a información referente á idade do sacrificio de animais de 12 meses ou menos poderá ser substituída en calquera das fases da produción e comercialización, excepto no punto de venda ao consumidor final, pola letra da categoría prevista no anexo II, número 4.

5. Para a carne de vacún picada e os recortes de carne indícaranse, polo menos, as mencións que se indican no anexo II, números 1 e 3.

Estas indicacións aplicaranse á etiquetaxe da carne picada que conteña mestura de carne de vacún con outras especies animais, cando o contido de carne de vacún sexa superior ao 50 por cento.

6. A carne de vacún importada na Unión Europea de países terceiros, en que non estea dispoñible a información prevista neste artigo, levará na etiqueta a indicación "Orixe: non comunitaria" e "Lugar de sacrificio: (nome do país terceiro)".

Non obstante, a carne de vacún importada na Unión Europea de países terceiros procedente de animais de idade igual ou inferior a doce meses deberá cumprir, en todas as fases da súa comercialización e venda, o disposto neste real decreto en materia de clasificación, denominacións de venda e etiquetaxe.

7. En todos os casos se indicará o nome completo do Estado membro ou país terceiro.»

Tres. Substitúese o artigo 5 polo seguinte:

«Artigo 5. Rastrexabilidade.

1. Con obxecto de garantir a rastrexabilidade da carne de vacún, establécense as seguintes obrigas:

a) No matadoiro etiquétaranse cada canal e media canal na cadea de sacrificio, e cada media canal despezada nun máximo de tres pezas ou cuarto de

canal, o máis axiña posible, de maneira que exista unha relación inequívoca co animal de que proceden mediante un sistema que permita garantir esa relación en todo momento. Ademais, clasificaranse no momento do sacrificio todos os animais de idade igual ou inferior a doce meses mediante a letra prevista no anexo II, número 4.

b) En todas as fases de produción, comercialización e venda deberase aplicar ás canais, medias canais, medias canais despezadas nun máximo de tres pezas, cuartos de canal e pezas de carne, unha etiquetaxe con, polo menos, as mencións obrigatorias do artigo 4. Non obstante, no punto de venda, nos produtos non preenvasados subministrarse a información obrigatoria da etiquetaxe de acordo co previsto na Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada polo Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, ben por escrito e de maneira visible sobre as carnes, ou ben nun lugar próximo a estas, garantindo que o consumidor poida relacionar cada peza de carne co número ou código de referencia do animal ou grupo de que procede e lle permita distinguir facilmente as carnes de diferentes orixes, así como as denominacións de venda.

c) Cada establecemento incorporará á etiqueta unicamente as mencións que lle correspondan de acordo coa súa actividade, segundo a súa autorización sanitaria.

d) Todos os axentes económicos e as organizacións, ademais de cumpriren co sistema de etiquetaxe, disporán, nas diversas fases de produción e venda, dun sistema de rexistro completo de entradas e saídas, a que se refire o artigo 1 do Regulamento (CE) n.º 1825/2000 da Comisión, do 25 de agosto de 2000, que conteña, polo menos, os datos que figuran no anexo III.

2. Os rexistros establecidos conservaranse por un período mínimo de tres anos, excepto para os establecementos de venda ao consumidor final, que se conservarán, como mínimo, durante un ano.

3. Os axentes económicos e organizacións deberán transmitir ao longo de toda a cadea de comercialización os datos de idade e sexo necesarios para a correcta aplicación do artigo 3.»

Catro. O primeiro parágrafo do artigo 8 substitúese polo seguinte:

«Para dar cumprimento ao establecido no artigo 11 do Regulamento (CE) n.º 1825/2000 da Comisión, do 25 de agosto de 2000, sobre comunicacións á Comisión Europea, as comunidades autónomas comunicarán ao ministerios de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e ao de Sanidade e Consumo, o nome das autoridades competentes para os efectos da aplicación do sistema de etiquetaxe previsto no Regulamento (CE) n.º 1760/2000 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xullo de 2000, e no Regulamento (CE) n.º 361/2008 do Consello, do 11 de xuño de 2008, que modifica o Regulamento (CE) n.º 1234/2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas e que regula no seu artigo 113 ter. a comercialización da carne procedente de bovinos de idade igual ou inferior a doce meses, así como as disposicións adicionais e, en particular, as relativas aos controis que se deberán efectuar e ás sancións que se impoñan.»

Cinco. A disposición derradeira primeira substitúese pola seguinte:

«Disposición derradeira primeira. Facultade de desenvolvemento.

Facúltanse os ministros de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e de Sanidade e Consumo, no ámbito das súas competencias, para modificar os anexos co fin de adaptalos ao disposto na normativa comunitaria.»

Seis. O anexo I substitúese polo que figura como tal no anexo deste real decreto.

Sete. Establécese un novo anexo II, titulado «Mencións obrigatorias na etiquetaxe», que figura como tal no anexo deste real decreto.

Oito. Establécese un novo anexo III, titulado «Sistema de anotación de entradas e saídas», que figura como tal no anexo deste real decreto.

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 1799/2008, do 3 de novembro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas destinadas á reconversión de plantacións de determinados cítricos.*

O Real decreto 1799/2008, do 3 de novembro, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas destinadas á reconversión de plantacións de determinados cítricos, queda modificado do seguinte modo:

Un. O número 1 do artigo 5 queda redactado como segue:

«1. As solicitudes de axuda dirixíranse ao órgano competente da comunidade autónoma en cuxo territorio radique a plantación, e presentáranse antes do día 1 de marzo de cada ano, ata 2012, en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, achegando, polo menos, o plan de reconversión nos termos que establece o artigo 6 deste real decreto.»

Dous. O número 1 do artigo 9 queda redactado como segue:

«1. As comunidades autónomas comunicarán á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, como máis tarde o día 31 de marzo de cada ano, unha vez realizadas as comprobacións oportunas de cada unha das solicitudes recibidas, o número de solicitudes aceptadas, con indicación do importe da axuda e da superficie subvencionable, segundo o disposto no artigo 7, e desagregadas entre agricultores incluídos en plans de reconversión de OPFH e agricultores con plan de reconversión individual, segundo o modelo que figura no anexo.»

Disposición adicional única. *Etiquetaxe dos produtos alimenticios sen envasar ou envasados nos lugares de venda.*

Para os efectos da denominación de venda, a indicación de clase e tipo de canal de procedencia que forma parte da etiquetaxe dos produtos alimenticios que se presentan sen envasar para a venda ao consumidor final e os envasados nos lugares de venda por petición do comprador, conforme o artigo 15.b) da Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, aprobada mediante o Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, será a establecida no artigo 3 do Real decreto 1698/2003, do 12 de decembro.

Disposición transitoria única. *Animais sacrificados antes do 1 de xullo de 2008.*

A carne procedente de animais de idade igual ou inferior a doce meses e sacrificados antes do 1 de xullo de 2008 poderase seguir comercializando sen cumprir as disposicións deste real decreto, sempre que cumpran as normas nacionais ou comunitarias vixentes ata o momento da súa entrada en vigor que lles sexan de aplicación.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de xaneiro de 2009.

JUAN CARLOS R.

ANEXO I

Denominación de venda

Denominación de venda aplicable á carne de vacún en relación coa categoría do animal establecida en función do seu sexo e idade

Denominación de venda	Sexo	Idade
«Tenreira branca» ou «Carne de tenreira branca»	Macho ou femia.	Menor ou igual a 8 meses.
«Tenreira» ou «Carne de tenreira»	Macho ou femia.	Maior de 8 meses ata 12 meses.
«Anello» ou «Carne de anello»	Macho ou femia.	Maior de 12 meses ata 24 meses.
«Xovenco» ou «Xovenca» ou «Carne de xovenco» ou «Carne de xovenca»	Macho ou femia.	Maior de 24 meses ata 48 meses.
«Cebón» ou «Carne de cebón»	Macho castrado.	Menor ou igual a 48 meses.
«Boi» ou «Carne de boi»	Macho castrado.	Maior de 48 meses.
«Vaca» ou «Carne de vaca»	Femia.	Maior de 48 meses.
«Touro» ou «Carne de touro»	Macho.	Maior de 48 meses.

ANEXO II

Mencións obrigatorias na etiquetaxe

1. O número de referencia ou código de referencia que debe relacionar inequivocamente a carne co animal ou grupo de animais de que procede.

2. Mención dos Estados membros e países terceiros que interveñen.

a) O nome do Estado membro ou do país terceiro de nacemento, precedido das mencións, excluíntes entre si, «Nacido en» ou «País de nacemento».

b) Os nomes dos Estados membros ou países terceiros en que tivese lugar a engorda, precedidos dunha das seguintes mencións, excluíntes entre si: «Criado en» ou «Engordado en» ou «Cebado en» ou «País de engorda»*.

c) O nome do Estado membro ou do país terceiro en que tivese lugar o sacrificio, precedido da mención «Sacrificado en», seguida do número ou os números, se é o caso, de autorización sanitaria do matadoiro.

d) O nome do Estado membro ou do país terceiro en que tivese lugar o despezamento, precedido da mención «Despezamento en», seguida do número ou os números, se é o caso, de autorización sanitaria da sala ou salas de despezamento.

No caso de que a carne de vacún proceda de animais nados, criados e sacrificados no mesmo Estado membro ou no mesmo país terceiro, as mencións referidas ao Estado membro ou país terceiro de nacemento, engorda e sacrificio poderanse substituír polo nome do dito Estado membro ou país terceiro precedido da mención «Orixe» e o número de autorización sanitaria do matadoiro.

3. No caso da carne picada e dos recortes de carne, as mencións do número anterior poderán ser substituídas polas seguintes:

a) A mención «Producido en», seguida do nome do Estado membro ou do país terceiro de elaboración. No caso dos recortes de carne indicárase, ademais, o número de autorización sanitaria do establecemento de elaboración.

b) O nome do Estado membro ou país terceiro en que tivese lugar o sacrificio, precedido da mención «Sacrificado en» ou «País de sacrificio».

c) Os países de nacemento e engorda dos animais cando non coincidan co país de produción ou elaboración da carne picada.

* No caso de que o animal permanecese menos de 30 días no Estado membro ou país terceiro de nacemento ou no Estado membro ou país terceiro de sacrificio, non será necesario indicar o dito Estado membro ou país terceiro na etiquetaxe como país de engorda.

4. No caso dos animais de idade igual ou inferior a doce meses, indicaranse as seguintes mencións:

a) «Idade de sacrificio: ata 8 meses», categoría «V», cando se trate de animais de idade inferior ou igual a oito meses, e que corresponde á denominación «Tenreira branca» ou «Carne de tenreira branca».

b) «Idade de sacrificio: de 8 a 12 meses», categoría «Z», cando se trate de animais de idade superior a oito meses e inferior a doce, e que corresponde á denominación «Tenreira» ou «Carne de tenreira».

5. Para a carne de reses de lida definida de acordo co establecido no Real decreto 260/2002, do 8 de marzo, polo que se fixan as condicións sanitarias aplicables á produción e á comercialización de carnes de reses de lida.

a) O número de referencia, establecido no número 1, será o código de identificación do animal establecido no artigo 5 do Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina.

b) O número de autorización sanitaria do matadoiro será substituído polo número asignado ao lugar en que se desenvolva o espectáculo taurino ou festexo popular asignado na base de datos de identificación e rexistro de bovinos, establecida no artigo 12 do Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro.

No caso de que a preparación ou despezamento dos animais se realice nalgún dos establecementos recollidos no artigo 3.5.a) e b) do Real decreto 260/2002, do 8 de marzo, indicárase, ademais, o número ou os números de autorización sanitaria dos ditos establecementos.

ANEXO III

Sistema de anotación de entradas e saídas

Entradas	Saídas
<i>En matadoiro</i>	
Número de identificación do animal.	Data de sacrificio.
Número ou código de referencia.	Idade e sexo do animal de que procede a canal.
Data de nacemento.	Data de saída das canais, medias canais, medias canais divididas nun máximo de tres anacos e cuartos de canal.
Data de entrada.	Peso das canais, medias canais, medias canais divididas nun máximo de tres anacos e cuartos de canal.
Código da explotación de orixe do animal.	Establecemento de destino das canais, medias canais, medias canais divididas nun máximo de tres anacos e cuartos de canal.
País de nacemento do animal.	
País ou países de engorda do animal.	
<i>En sala de despezamento</i>	
Mencións obrigatorias da etiqueta que levan as canais, medias canais, medias canais divididas nun máximo de tres anacos e cuartos de canal.	Número ou código de referencia, asignado pola sala ás pezas de carne, relacionado coas canais, medias canais, medias canais divididas nun máximo de tres anacos e cuartos de canal de que proceden.
Nome e número de autorización sanitaria do establecemento de procedencia.	Data de despezamento.
Data de chegada das canais, medias canais, medias canais divididas nun máximo de tres anacos e cuartos de canal.	Data de saída das pezas de carne.
Peso das canais, medias canais, medias canais divididas nun máximo de tres anacos e cuartos de canal.	Peso das pezas.
	Establecemento de destino das pezas de carne.
<i>En almacén frigorífico</i>	
Nome e número de autorización sanitaria do establecemento de procedencia.	Data de saída das canais, medias canais, medias canais divididas nun máximo de tres anacos, cuartos de canal e pezas de carne.
Número ou código de referencia que levan as canais, medias canais, medias canais divididas nun máximo de tres anacos, cuartos de canal e pezas de carne.	Establecemento de destino.
Data de chegada das canais, medias canais, medias canais divididas nun máximo de tres anacos, cuartos de canal e pezas de carne.	

Entradas	Saídas
<i>En establecemento de elaboración de carne picada</i>	
<p>Número ou código de referencia que leva a carne. País de sacrificio. País de nacemento dos animais de que procede a carne. Países de engorda dos animais de que procede a carne. Nome e número de autorización sanitaria dos establecementos de procedencia. Peso dos lotes de carne. Data de chegada da carne.</p>	<p>Número ou código de referencia asignado ao lote pola industria de elaboración. Data de elaboración, en caso de que se prevexa a súa indicación na etiqueta. Data de saída da carne picada. Peso dos lotes de carne picada. Establecementos de destino.</p>
<i>No punto de venda ao consumidor final indícarase*</i>	
<p>Mencións obrigatorias da etiqueta que levan as canais, medias canais, medias canais divididas nun máximo de tres anacos, cuartos de canal e pezas de carne. Nome e número de autorización sanitaria do establecemento de procedencia. Peso das canais, medias canais, medias canais divididas nun máximo de tres anacos, cuartos de canal e pezas. Data de chegada.</p>	<p>Data final de venda; esta será o último día de venda da carne correspondente a un número de referencia, excepto no caso de presentación en produtos preenvasados, que se anotará a data de posta á venda da carne referida a un número de referencia.</p>

* Non obstante, nos establecementos de venda ao consumidor final, o sistema de rexistro completo poderá consistir no arquivo, á disposición inmediata da autoridade competente cando esta o requira, dos documentos comerciais acreditativos, xa sexa en formato papel ou en calquera outro sistema constatable, incluídos os telemáticos, da procedencia da carne de vacún, sempre que o provedor fíxese constar neles as mencións da etiquetaxe obrigatoria e o retalista inclúa a data inicial de chegada da canal, media canal, media canal dividida nun máximo de tres pezas, cuarto de canal ou peza de carne ao establecemento e a data final de venda, excepto no caso de presentación en barquetas, en que se indicará a data de posta á venda para permitir á autoridade competente coñecer, en calquera momento, qué canais ou pezas se encontraban á venda nun determinado día.